R. 15.638

JORNADAS SOBRE TENDENCIAS EN EL PERIODISMO

Director
XOSÉ LÓPEZ GARCÍA

BIBLIOTECA CIENCIAS DA INFORMACIÓN
SANTIAGO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

X ANIVERSARIO ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

EDITORIAL MONTECORVO, S.A.

MADRID, 2001

ÍNDICE

	Págs.
PRÓLOGO, por DOMINGO BELLO JANEIRO	9
BERNARDO DÍAZ NOSTY: *El panorama comunicativo*	15
JESÚS TIMOTEO ÁLVAREZ: *La nueva empresa en el hipersector Inf/com*	39
LUIS NÚÑEZ LADEVEZE: *Lenguas: algunos ejemplos de usos lingüísticos en el periodismo*	63
JOSEP MARIA CASASÚS: *Los periodistas y el defensor de los lectores*	93
JAUME GUILLAMET: *Salidas profesionales. Una reflexión sobre la formación en periodismo*	107
MIQUEL DE MORAGAS SPA: *Los lectores*	123
MARGARITA LEDO ANDIÓN: *Da investigación na formación: prosa do observatorio*	141
MANUEL FERNÁNDEZ AREAL: *La formación de comunicadores. Formar comunicadores polivalentes*	147
MANUEL DAVID CHEDA PIÑÓN: *Panorama profesional: ¿Hai vida máis alá dos medios convencionais?*	181
MONTSERRAT QUESADA PÉREZ y FERRAN LALUERZA: *Técnicas de investigación para hacer periodismo*	199
M. PILAR DIEZHANDINO NIETO: *El periodismo de servicio en los tiempos de Internet*	211
JOSÉ LUIS VILELA CONDE: *¿Crise? ¿Qué crise?*	233
EPÍLOGO, por XOSÉ LÓPEZ GARCÍA	241

DA INVESTIGACIÓN NA FORMACIÓN: PROSA DO OBSERVATORIO

MARGARITA LEDO ANDIÓN
Catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade
Universidade de Santiago de Compostela

¿Qué se nos quererá dicer con 'competencia' dende o ámeto das ciencias da comunicación e, máis en pormenor, dende o da innovación e as tendencias no xornalismo?

De seguro que a primeira idea que aparece diante nosa é a da técnica, a de ser quen de inter-actuar co multi-media. Por iso, esta e outras simplificacións fannos cuestionar a vella crenza de que o novo se deriva das transformacións tecnolóxicas e non das prácticas sociais, entre as cais a do intercambio de información.

Traemos, así, para o debate, a triple acepción de *medium/media* como institución social, como dispositivo e como tratamento a partir de certos materiais, como contidos, para ao seu traverso, comezar a construir unha definición que nos permita pensar a formación para os *media*.

Unha segunda idea ben común é puntuar a falla de concordancia, de harmonía, entre os coñecementos convencionais e aqués que reclama a 'era dixital'. Neste senso gustaríanos chamar a atención para algúns dos tópicos nos que Potter articula o 'media literacy'. Conceptos como o de *continuum*, con diversidade de graos dacordo co binomio clásico necesidade/satisfacción; como o de formación de ampla base humanista; como o de multidimensionalidade —ética e estética incluidas— ou o de capacidade interpretativa, capacidade crítica, completan o capítulo de comprensión das fontes e das tecnoloxías da comunica-

ción, cos seus códigos, coas súas fórmulas de construcción de mensaxes, cos seus circuitos, cos seus simulacros e cos seus falsos.

Nos modelos de coñecemento —chamémoslle— contemporáneos, modelos en que a carón das funcións clásicas —entender para usar; analisar para saber discriminar; sintetizar, agrupar segundo categorías; integrar principios que se inscreben na realidade científico-técnica e que reclaman a notación da aprendizaxe como mudanza e como adaptación— adoito se fai mención da influencia da formación encol do entorno e coa mesma insistencia se fala de extrañamento entre aquela, as expectativas que define e os resultados aplicados ao corpo social, ¿onde reside, se así o entendemos, a contradicción?

Poida —apontamos unha hipótese— que da indiferenciación, precisamente, entre a técnica e a práctica mentres cada vez se diferencian máis e máis a docencia e mais a investigación ou a creación —ideación— e a reprodución. ¿E que hai das relacións entre a Universidade e a profesión?

Remarcaremos, para entrar neste aspecto, a diversidade de miradas á hora de designar vectores de interés arredor disto que anomeamos 'profesión' e no caso que imos tratar referímonos ao audiovisual.

Nos resultados dunha restra de consultas, entrevistas e avaliación documental, o sector audiovisual en Galicia —aquel que definen as productoras, a difusión —singularmente a televisión pública— e as institucións con responsabilidades gubernamentais— tén opinións diverxentes sobre qué formación, por qué vías, con qué garantías. Así, mentres as productoras vencellan a adquisición de coñecementos á pericia no manexo de equipos e á familiarización coas tecnoloxías da imaxe e o son —que entenden resoltas pola formación profesional ou, en todo caso, a partir de iniciativas privadas e xestionadas polas propias em-

presas— a filosofía universitaria apunta para un tipo de profesional de formación humanística, técnica e criativa que, asemade, está a ser moi ben recibido naqueles países de referencia —Catalunya, no caso español— para a dinámica do audiovisual. As razóns das posicións empresariais por veces, son síntoma de certas continxencias que nos dirixen cara a rentabilidade económica directa. Pero o que merece unha análise ben matizada é o estancamento tanto na academia como na Consellería de Educación de proxectos que conduzan á articulación regrada, máxime cando este *impasse* tolleita unha outra posibilidade, a de relacionar a pescuda coa docencia, coa industria e, na fin, coa sociedade singular e plural.

Imos , tamén, ofrecer datos sobre a nosa propia experiencia verbo das relacións entre formación e mais investigación, entre pescuda e aplicación da pescuda á docencia, ao entorno e á reflexión. Imos facelo presentándolles o resumo de un proxecto complexo que articula entre sí aspectos nacionais, é dicer, as Políticas da comunicación e da cultura na mundialización, conceptos que se derivan da comunicación intercultural e das relacións que se establecen entre producción de contidos e e sociedade do coñecmento a partir da articulación entre o binomio 'identidade/dereito de expresión' e 'producción/circulación'.

Espacios xeo-lingüísticos de comunicación: A Televisión pública como axente identitario e como nó organizador do sector audiovisual. A estructura empresarial, a producción, a difusión e a formación. Dende o 1997 vimos realizando o levantamento cuantitativo e a análise comparativa do sector audiovisual en Galicia, Bretaña e País de Gales —nunha primeira fase— e tamén o estudo xeral da producción, as políticas de axudas, a difusión e a formación audiovisual en Galicia, Gales, Ireland e Catalunya como base para a creación dun sistema interactivo que inclúa as empresas audiovisuais e multimedia de países con emisores públicos en linguas nacionais —Catalunya, Galicia,

Ireland, Wales...— cara unha futura integración sectorial transrexional. E como primeira materialización tivemos que organizar o 'Observatorio do Audiovisual'. Co 'Observatorio', coa súa significación, ímonos achegar ás conclusións —provisorias— que lles propomos debater.